

*NORMATIVA LIQUIDACIÓN E
PAGOS POR ACTIVIDADES
2026*



A. GASTOS POR DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO

Para todas as actividades desenvoltas pola federación, os importes máximos subvencionables por gastos de desprazamento, manutención e aloxamento serán os seguintes:

1. DESPRAZAMENTOS

1.1.- Viaxes en automóbil

- O importe da quilometraxe a aboar establécese en 0,26€ por kilómetro.
O cálculo estimado da quilometraxe correspondente a un desprazamento será realizado polo tesoureiro. Non se aceptarán estimacións das persoas destinatarias do pago.
- Aboaranse peaxes de autopistas, sempre e cando se presenten os recibos de pago de contado correspondentes. Non se aceptarán extractos, resumes de peaxes ou outros documentos que non sexan os recibos orixinais de contado.

Ditos recibos deberán ser presentados nun prazo máximo de 7 días desde a finalización do desprazamento.

- Non se aboarán facturas de aluguer de automóviles.

1.2.- Viaxes en tren

Aboarase o 100% do importe do desprazamento sempre e cando se presente billete orixinal ou factura no prazo máximo de 15 días desde a finalización do desprazamento.

1.3.- Viaxes en avión

Aboarase o 100% do importe do desprazamento sempre e cando se presente billete orixinal, billete electrónico ou factura no prazo máximo de 15 días desde a finalización do desprazamento.

1.4.- Viaxes en autobús

Aboarase o 100% do importe do desprazamento sempre e cando se presente billete, recibo ou factura no prazo máximo de 15 días desde a finalización do desprazamento.

1.5.- Viaxes en taxi

A F.G.X. só aboará taxis por causa debidamente xustificada e sempre con comunicación previa á Federación.

Será imprescindible a presentación do recibo ou factura de pago correspondente no prazo máximo de 7 días desde a finalización do desprazamento.

1.6.- Gastos de aparcadoiro

A F.G.X. só aboará gastos de aparcadoiro no caso de desprazamentos de longa distancia nos que teña que quedar o vehículo inmovilizado durante varios días. Por exemplo, no caso de ter que desprazarse en automóbil a outra cidade para coller un tren ou avión para participar nun campionato de fora de Galicia con data de regreso varios días posterior.

Será imprescindible a presentación do recibo ou factura de pago correspondente no prazo máximo de 7 días desde a finalización do desprazamento.

2. DIETAS DE MANUTENCIÓN

- Media manutención: 22,04€. Aboarase sempre e cando se presente o recibo ou factura de pago correspondente e ata un máximo de 22,04€ no prazo máximo de 7 días desde a finalización do desprazamento.

No caso de que o importe do recibo ou factura sexa superior, soamente será xustificable ese importe máximo establecido.

- Manutención completa: 44,09€. Aboarase sempre e cando se presenten os recibos ou facturas de pago correspondentes e ata un máximo diario de 44,09€ no prazo máximo de 7 días desde a finalización do desprazamento.

No caso de que a suma dos importes dos recibos ou facturas sexa superior, soamente será aboable ese importe máximo de 44,09€ establecido.

Para percibir “manutención completa” o destinatario do pago deberá facer noite con motivo do evento no que participe e no caso de que o

aloxamento fora contratado pola FGX, que este non inclúa media pensión ou pensión completa.

3. ALOXAMENTO

Os aloxamentos con motivo de viaxes oficiais da Federación Galega de Ximnasia serán concertados por nós con empresas de servizos (hoteles, axencias de viaxes...) na medida do posible.

- No caso de que o aloxamento sexa concertado pola persoa destinataria do pago, sempre por causa xustificada, o importe a percibir será o do gasto exactamente realizado, sin que poda exceder o importe máximo de 77,78€ por día.

Aboarase sempre e cando se presente a factura de pago correspondente no prazo máximo de 15 días desde a finalización do desprazamento.

B. HONORARIOS

1. HONORARIOS DE XUÍCES

Dependendo da duración da xornada de traballo na competición na que participen percibirán os seguintes honorarios:

- Media xornada (só mañá ou tarde): 60,00€.
- Xornada completa (día enteiro): 120,00€.

No caso de intervalos de tempo inferiores a media xornada ou xornada completa, calcularase o intervalo aproximado, por exemplo, no caso de xornada de mañá e metade da xornada de tarde (60+30)= 90€ ou metade da tarde 30€.

Estos importes son brutos e sobre os mesmos se aplicará unha retención do 2% de IRPF de acordo coa normativa vixente.

2. INCENTIVOS PERSOAL OFICINA

Os traballadores de oficina da FGX pola súa participación en competicións fora do horario de oficina (fins de semana, festivos...) percibirán unha compensación equivalente a dos xuíces de 60,00€ por media xornada e de 120,00€ por xornada completa.

3. HONORARIOS PROFESORES CURSOS

3.1.- Cursos de técnicos

O importe a percibir polos docentes será de 35,00€ por hora.

Neste caso non se aboarán dietas de manutención, xa que se considera que os honorarios cubren suficientemente ese apartado.

Este importe é bruto e sobre o mesmo aplicarase unha retención do 15% do IRPF de acordo coa normativa vixente.

3.2.- Cursos de xuíces

No caso dos docentes de cursos de xuíces, aplicaráselles o punto 6 ("Honorarios profesores cursos") da "Normativa de Liquidación de Gastos y Pagos por Actividades y Viajes" da Real Federación Española de Gimnasia.

4. HONORARIOS RESPONSABLES TECNIFICACIÓN OU POÑENTES

Con carácter xeral o importe a percibir será de 30,00€ por hora.

Este importe é bruto e sobre o mesmo se aplicará unha retención do 15% de IRPF de acordo coa normativa vixente.

No caso de técnicos estranxeiros ou de especial relevancia os honorarios acordaranse individualmente.

5. GASTOS A XUSTIFICAR

Con carácter xeral, para xustificar os gastos deberá presentarse sempre factura ou no seu defecto recibo de contado. No documento presentado, sempre deberán aparecer os datos identificativos da empresa: Nome, C.I.F., enderezo, etc.

6. GASTOS NON ADMITIDOS

Non se admitirán en ningún caso multas de tráfico, gastos de bebidas alcohólicas ou mini-bar, cenas de clausura (unha vez finalizada a competición), nin gastos de almozos, comidas ou cenas (se os servicios estaban contratados co aloxamento: media pensión, pensión completa).